



PROGRAMA 2026

BENESTAR EN BALNEARIOS

Un programa pensado para seguir gañando en saúde e calidade de vida,
a través dos coidados e dos beneficios das augas termais



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA
CALIDADE



Xacobeo
2027

EN QUE CONSISTE?

Estadías de 10 días e 9 noites en réxime de pensión completa -inclúe aloxamento, almorzo, xantar e cea- a escoller **entre 15 balnearios de Galicia**, con quendas dispoñibles **entre xullo e decembro de 2026**.

O programa inclúe os tratamentos termais prescritos polo persoal médico do balneario, así como as actividades de animación sociocultural de cada establecemento.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

O programa está dirixido a persoas **maiores de 60 anos residentes en Galicia**, así como a persoas **pensionistas maiores de 55 anos**.

Poderase asistir cun acompañante. Ademais, no caso de ter un fillo ou filla cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, este tamén poderá participar.

As persoas participantes deberán **valerse por si mesmas** para realizar as actividades básicas da vida diaria.

CAL É O PRAZO DE INSCRICIÓN?

Do 27 de maio ao 26 de xuño de 2026, ambos incluídos.

COMO SE SOLICITA?

- Preferentemente a través da **sede electrónica** da Xunta de Galicia (procedemento BS607A): sede.xunta.gal
- **Presencialmente** nas oficinas de atención á cidadanía e rexistro da Xunta, ou nas oficinas de Correos presentando o impreso de solicitude que se pode descargar na sede electrónica da Xunta ou na web: politicassocial.xunta.gal

CANTO CUSTA?

As tarifas están subvencionadas pola Xunta de Galicia, polo que o programa ofrece prezos reducidos que oscilan entre os 31 e os 44 euros por noite, segundo o establecemento escollido.

Pode consultar os prezos no listado incluído ao final deste documento.

COMO CONFIRMAR A RESERVA?

Cando se reciba confirmación da concesión da praza, **débese contactar co balneario para reservar a quenda** a través dun depósito de 30 euros. O restante aboarase á chegada.

ESTES SON OS 15 BALNEARIOS DE GALICIA A ESCOLLER

| Destinos | Indicacións terapéuticas | Datas e quendas | Prezo* |
|--|---|---|--------|
| A CORUÑA | | | |
| Hotel Balneario Compostela (Brión) | Sistema nervioso, respiratorias e reumatolóxicas | Do 9 ao 18 de decembro | 397 € |
| Baños Vello de Carballo (Carballo) | Respiratorias e reumatolóxicas | Do 5 ao 14 de agosto Do 14 ao 23 de agosto Do 24 de agosto ao 2 de setembro Do 3 ao 12 de setembro Do 13 ao 22 de setembro Do 23 de setembro ao 2 de outubro Do 3 ao 12 de outubro Do 13 ao 22 de outubro Do 23 de outubro ao 1 de novembro | 368 € |
| LUGO | | | |
| Iberik Augas Santas Balneario (Ferreira de Pantón) | Dermatolóxicas, respiratorias, reumatolóxicas, circulatorias e con efectos relaxantes | Do 2 ao 11 de novembro Do 9 ao 18 de novembro Do 16 ao 25 de novembro Do 23 de novembro ao 2 de decembro Do 30 de novembro ao 9 de decembro | 397 € |
| Hotel Balneario Río Pambre (Palas de Rei) | Dermatolóxicas, respiratorias e reumatolóxicas | Do 4 ao 13 de novembro | 368 € |
| Balneario Termas de Lugo (Lugo) | Respiratorias e reumatolóxicas | Do 20 ao 29 de xullo Do 3 ao 12 de agosto Do 17 ao 26 de agosto Do 27 de agosto ao 5 de setembro Do 8 ao 17 de setembro Do 21 ao 30 de setembro Do 1 ao 10 de outubro Do 13 ao 22 de outubro Do 23 de outubro ao 1 de novembro Do 2 ao 11 de novembro Do 12 ao 21 de novembro | 397 € |
| Iberik Gran Balneario Guitiriz (Guitiriz) | Dermatolóxicas, dixestivas, metabólicas e reumatolóxicas | Do 29 de setembro ao 8 de outubro | 397 € |

Segue na páxina seguinte >>>

| Destinos | Indicacións terapéuticas | Datas e quendas | Prezo* |
|--|---|--|--------|
| OURENSE | | | |
| Arnoia Caldaria Hotel Balneario (A Arnoia) | Reumatolóxicas | Do 3 ao 12 de novembro Do 17 ao 26 de novembro | 397 € |
| Laias Caldaria, Hotel Balneario (Cenlle) | Reumatolóxicas | Do 6 ao 15 de outubro Do 30 de outubro ao 8 de novembro | 397 € |
| Lobios Caldaria (Lobios) <i>con aloxamento no Hotel Lusitano</i> | Reumatolóxicas | Do 5 ao 14 de outubro | 368 € |
| Lobios Caldaria (Lobios) <i>con aloxamento no Hotel Balneario</i> | Reumatolóxicas | Do 23 de xullo ao 1 de agosto Do 3 de agosto a 12 de agosto | 397 € |
| Gran Balneario do Carballiño (O Carballiño) <i>con aloxamento na Residencia de Tempo Libre</i> | Dermatolóxicas, dixestivas, respiratorias e reumatolóxicas | Do 3 ao 12 de novembro Do 25 de novembro ao 4 de decembro | 285 € |
| PONTEVEDRA | | | |
| Balneario de Acuña (Caldas de Reis) | Respiratorias e reumatolóxicas | Do 6 ao 15 de novembro Do 15 ao 24 de novembro Do 24 de novembro ao 3 de decembro | 368 € |
| Termas de Cuntis (Cuntis) | Dermatolóxicas, respiratorias e reumatolóxicas | Do 14 ao 23 de setembro Do 23 de setembro ao 2 de outubro Do 2 ao 11 de outubro Do 12 ao 21 de outubro Do 21 ao 30 de outubro Do 2 ao 11 de novembro Do 11 ao 20 de novembro | 397 € |
| Balneario Hotel Dávila (Caldas de Reis) | Dermatolóxicas, respiratorias e reumatolóxicas e con efectos relaxantes | Do 3 ao 12 de setembro Do 12 ao 21 de setembro Do 21 ao 30 de setembro Do 30 de setembro ao 9 de outubro Do 9 ao 18 de outubro | 368 € |
| Balneario de Mondariz (Mondariz Balneario) | Respiratorias e reumatolóxicas | Do 6 ao 15 de setembro Do 10 ao 19 de setembro Do 27 de setembro ao 6 de outubro Do 28 de setembro ao 7 de outubro Do 13 ao 22 de outubro Do 29 de outubro ao 7 de novembro Do 2 ao 11 de novembro Do 3 ao 12 de novembro Do 4 ao 13 de novembro Do 11 ao 20 de novembro Do 12 ao 21 de novembro Do 18 ao 27 de novembro Do 19 ao 28 de novembro Do 24 de novembro ao 3 de decembro Do 25 de novembro ao 4 de decembro | 397 € |
| Os Baños da Brea (Vila de Cruces) | Respiratorias e reumatolóxicas | Do 21 ao 30 de xullo Do 31 de xullo ao 9 de agosto Do 10 ao 19 de agosto Do 31 de agosto ao 9 de setembro Do 10 ao 19 de setembro | 368 € |

*Prezo da praza para o usuario, en réxime de pensión completa.

MÁIS INFORMACIÓN: